



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Novembro 2022

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un incremento do 30,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 0,6 puntos superior ao do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 14,0%, 1,6 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 36,6% e nos Outros servizos o 16,6%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,5% e en España un 2,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En trece comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de novembro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de novembro en Galicia un incremento do 30,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 0,6 puntos superior ao do mes de outubro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 14,0%, 1,6 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 36,6%, suma 25,5 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 16,6% e achegan 5,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 16,1% e nos *Outros servizos* o 9,7%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 48,4%, co que achega 23,5 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 21,4% e o *Comercio ao retalho* un 6,7%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 20,2%, o *Comercio ao retalho* o 7,8% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 13,3%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 16,6%. Todos os sectores aumentan a súa facturación. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 20,0%, co que achega 3,5 puntos a taxa de variación do índice xeral, e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, 18,7%, cunha repercusión de 0,9 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 9,7%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse na *Hostalería* (14,7%), e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (15,5%).

Nos once primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 28,4% en Galicia e un 20,9% no conxunto de España. O *Comercio* crece en Galicia un 28,0% e os *Outros servizos* un 29,2%. España rexistra taxas inferiores, 20,6% no *Comercio* e 21,5% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia, os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (35,2%), *Transporte* (37,2%) e *Hostalería* (47,0%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 19,2% no mes de novembro.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cun crecemento do 29,6% co que achega 10,8 puntos e o *Transporte*, que cunha taxa do 20,4% suma 2,5 puntos a taxa de variación anual. En senso contrario, as *Actividades administrativa e servizos auxiliares* diminúen un 7,4%.


No que vai de ano, o índice rexistra unha taxa do 22,6%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (27,8%) e *Hostalería* (40,9%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 30,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 19,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de novembro aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Galicia (30,7%) e Illes Balears (22,9%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (3,4%) e Extremadura (5,5%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Illes Balears (44,5%) e Canarias (34,3%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (10,8%) e Castilla - La Mancha (12,9%).

Índices de cifra de negocios. Novembro 2022

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,5% respecto ao mes de novembro de 2021, 0,7 puntos menos que en España (2,2%).

O persoal ocupado crece un 0,9% no *Comercio* e un 2,0% nos *Outros servizos*. O maior incremento dáse na *Hostalería* (6,4%) mentres que rexistran taxas negativas a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-3,0%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-2,2%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (5,5%) e *Hostalería* (4,3%).



No que vai de ano, a ocupación crece un 2,6% en Galicia e un 4,1% no conxunto de España. O maior incremento dáse na *Hostalería*, 10,0% en Galicia e 10,9% en España. O *Transporte e a Venta e reparación de vehículos de motor* rexistran taxas negativas en Galicia, -0,8% e -0,9% respectivamente, mentres que a nivel nacional todos os sectores rexistran taxas positivas.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de novembro con respecto ao mesmo mes do ano 2021 agás Aragón (-1,8%), Cantabria (-1,6%), Navarra (-0,4%) e Castilla y León (-0,1%). As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (8,6%) e Canarias (4,0%).

No acumulado do ano, os maiores crecementos danse en Illes Balears (13,6%) e Canarias (6,1%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (0,5%) e Castilla y León (1,5%).

Índices de persoal ocupado. Novembro 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	179,6	30,7	28,4
Comercio	177,3	36,6	28,0
Venta e reparación de vehículos de motor	138,6	21,4	12,9
Comercio por xunto	201,4	48,4	35,2
Comercio ao retalho	126,6	6,7	10,3
Outros servizos	186,1	16,6	29,2
Transporte	263,1	20,0	37,2
Hostalería	98,8	13,4	47,0
Información e comunicacións	139,9	11,6	16,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	185,7	18,7	7,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,8	0,9	13,5
España			
Xeral	150,9	14,0	20,9
Comercio	158,7	16,1	20,6
Venta e reparación de vehículos de motor	144,6	13,3	8,0
Comercio por xunto	176,0	20,2	26,0
Comercio ao retalho	129,8	7,8	12,7
Outros servizos	136,5	9,7	21,5
Transporte	145,8	8,5	23,8
Hostalería	103,6	14,7	46,6
Información e comunicacións	129,1	4,3	8,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	165,4	10,4	10,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	127,7	15,5	32,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	157,7	19,2	22,6
Comercio	165,1	29,6	24,5
Transporte	217,3	20,4	27,8
Hostalería	104,2	12,1	40,9
Información e comunicacións	141,0	12,4	20,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	187,9	19,9	8,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,6	-7,4	0,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	150,9	14,0	20,9
Andalucía	141,2	10,7	18,2
Aragón	147,9	8,3	17,4
Asturias	136,5	5,9	16,1
Baleares, Illes	111,7	22,9	44,5
Canarias	135,8	15,5	34,3
Cantabria	151,3	9,8	14,9
Castilla y León	137,3	9,5	13,8
Castilla-La Mancha	153,5	8,6	12,9
Cataluña	142,2	11,9	19,6
Comunitat Valenciana	148,7	8,5	16,3
Extremadura	146,3	5,5	14,1
GALICIA	179,6	30,7	28,4
Madrid	164,8	18,3	24,2
Murcia	145,7	3,4	10,8
Navarra	162,7	19,0	21,7
País Vasco	153,6	11,1	16,6
Rioja, La	154,8	6,9	13,3

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	109,2	1,5	2,6
Comercio	110,6	0,9	1,8
Venta e reparación de vehículos de motor	95,0	-3,0	-0,9
Comercio por xunto	123,9	0,8	1,0
Comercio ao retalho	106,1	1,8	3,0
Outros servizos	108,2	2,0	3,3
Transporte	103,4	0,1	-0,8
Hostalería	97,9	6,4	10,0
Información e comunicacións	117,1	2,1	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,0	3,6	2,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,1	-2,2	0,7
España			
Xeral	110,4	2,2	4,1
Comercio	108,4	1,2	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	105,8	0,8	1,2
Comercio por xunto	114,0	1,8	1,6
Comercio ao retalho	105,3	0,9	2,3
Outros servizos	111,7	2,8	5,5
Transporte	111,8	2,4	3,2
Hostalería	100,7	4,3	10,9
Información e comunicacións	121,0	5,5	5,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,7	3,3	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,4	0,6	3,9

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Novembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,4	2,2	4,1
Andalucía	107,3	2,1	4,2
Aragón	107,1	-1,8	0,5
Asturias	105,7	0,3	2,7
Baleares, Illes	103,8	8,6	13,6
Canarias	107,7	4,0	6,1
Cantabria	106,0	-1,6	2,4
Castilla y León	102,4	-0,1	1,5
Castilla-La Mancha	111,4	2,0	3,7
Cataluña	113,7	3,3	5,2
Comunitat Valenciana	112,6	0,5	2,7
Extremadura	109,4	3,5	4,7
GALICIA	109,2	1,5	2,6
Madrid	112,9	3,0	4,3
Murcia	117,1	1,1	3,2
Navarra	109,3	-0,4	2,9
País Vasco	106,9	0,6	1,8
Rioja, La	109,0	0,6	1,7

Fonte: NE